



**AXENCIA PARA A CALIDADE DO
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)**
Memoria de Actividades 2011





Edita:

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade , s/n
CIFP Compostela 5.ª planta
15702 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 534173 - Fax: 981 534174

E-mail: acsug@acsug.es

Páxina web: www.acsug.es

Depósito legal: C 45-2014

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o título deste e a ACSUG como editora.



ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está rexistrada no EQAR



A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. Ademais, o Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



ÍNDICE

PRESENTACIÓN	7
MISIÓN E VISIÓN DA ACSUG	9
ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN	11
	11 ESTRUCTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS
	16 CALIDADE INTERNA
	16 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
	17 XESTIÓN ECONÓMICA
ACTIVIDADES E PROGRAMAS REALIZADOS EN 2012	19
	19 AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS
	22 AVALIACIÓN DO PROFESORADO
	36 AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN
	39 ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL
COOPERACIÓN E COMUNICACIÓN	45
	45 ACTIVIDADES INTERNACIONAIS
	47 OUTRAS COLABORACIÓN
	48 CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS
	50 PUBLICACIÓN

01



ACSUC

m⁶

Presentación

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) créase no ano 2001 coa misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

En 2011, a ACSUG seguiu concedendo especial importancia á súa proxección internacional, participando activamente nas actividades da European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) da que é membro de pleno dereito desde o ano 2009.

A ACSUG tamén está inscrita desde novembro de 2010 no European Quality Assurance Register for Higher Education (EQAR), ao cal pertencen axencias de calidade universitaria a nivel europeo que son recoñecidas pola súa profesionalidade e credibilidade na realización das súas actividades.

A ACSUG pertence á Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU) e é unha das axencias participantes na Comisión Universitaria para a Regulación do Seguimento e Acreditación dos Títulos Universitarios (CURSA), comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

No ano 2011 a ACSUG seguiu realizando actividades xa implantadas anteriormente, buscando sempre abarcar todos os grupos de interese do SUG e mellorar a calidade das universidades galegas. Entre estas actividades podemos destacar: a verificación de titulacións universitarias, distintos procesos de avaliación do

profesorado universitario, a realización de estudos de inserción laboral etc.

En canto ás novas actividades, no presente ano cabe destacar o seguimento de títulos oficiais xa implantados nas universidades galegas. Estas teñen que realizar un proceso de seguimento co obxectivo de comprobar que o título se leva a cabo segundo o establecido inicialmente e poder detectar posibles melloras para implantar nel. A ACSUG comproba que este seguimento se realiza adecuadamente e durante o ano 2011 realizou 9 avaliacións correspondentes ao plan piloto, como experiencia de cara ao proceso obrigatorio de seguimento anual.

Outras actividades destacadas, a nivel internacional, son a avaliación de centros universitarios da Universidade de San Martín de Porres de Perú e a continuación no Proxecto Tempus da Unión Europea para o establecemento da Rede de Aseguramento de Calidade e Acreditación de Asia Central (CANQA). A nivel nacional cabe subliñar a colaboración e participación de persoal da ACSUG na auditoría interna do sistema de xestión de AQU Cataluña.

Esperamos que esta memoria, que reflicte o traballo e a ilusión do persoal da ACSUG no desempeño do seu labor, contribúa á difusión das diversas accións realizadas no ano 2011.

02



ACSUC

m⁸

Misión e visión da ACSUG

A ACSUG plasmou nun documento público o seu código ético, establecendo os principios e os obxectivos xerais e estratéxicos que serven como base na realización das actividades da axencia.

Neste documento inclúense a misión e visión da ACSUG:

MISIÓN


A ACSUG ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para o que se levan a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

A ACSUG serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, contribuindo a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

VISIÓN

A ACSUG pretende ser un referente en canto á garantía de calidade das institucións de educación superior do SUG, sendo recoñecida en Galicia, en España e a nivel internacional pola súa independencia, transparencia e credibilidade.

03




ACSUC

m¹⁰

Estrutura e organización

ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS

No seguinte gráfico pode observarse a estrutura orgánica e operativa da ACSUG



A estrutura orgánica da ACSUG componse de órganos de goberno e dirección, consultivos e de avaliación.

Os órganos de goberno e dirección da ACSUG son a presidenta ou presidente, o Consello de Dirección e a directora ou director.

A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) como órgano superior de avaliación e o Consello Asesor como órgano consultivo son órganos permanentes da ACSUG.

A presidenta ou presidente da ACSUG

É o máximo representante institucional da Axencia. O seu cargo ten unha duración de catro anos. D.^a María Patrocinio Morrondo Pelayo exerce como presidenta da ACSUG desde o 9 de xullo de 2009.

O Consello de Dirección

É o órgano superior de goberno, dirección e xestión da ACSUG e está formado (decembro 2011) polos seguintes membros:

- a) A presidenta ou presidente da ACSUG, que tamén o será do Consello de Dirección.
 - D.^a María Patrocinio Morrondo Pelayo
- b) A persoa titular do departamento que teña atribuídas as competencias en materia de universidades.
 - D. Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- c) Os titulares de cada un dos departamentos que teñan atribuídas as competencias en materia de Educación Superior e en Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

- D. José Alberto Díez de Castro
Secretario Xeral de Universidades
 - Don Ricardo Capela Pueyo
Director da Axencia Galega de Innovación
- d) As reitoras ou reitores das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia.
 - D. Xosé Luís Armesto Barbeito
Reitor Magnífico da Universidade da Coruña
 - D. Juan José Casares Long
Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela
 - D. Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor Magnífico da Universidade de Vigo
 - e) As presidentas ou presidentes dos consellos sociais das universidades integrantes do SUG.
 - D. Antonio Abril Abadín
Presidente do Consello Social da Universidade da Coruña
 - D. Manuel Puga Pereira
Presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela
 - D. Ernesto Pedrosa Silva
Presidente do Consello Social da Universidade de Vigo
 - f) Dúas persoas designadas pola persoa titular do departamento que teña atribuídas as competencias en materia de universidades de entre destacados membros da comunidade académica e científica.
 - D. Francisco Campos Freire
 - D. José Carlos de Miguel Domínguez
 - g) Dúas persoas designadas pola persoa titular do departamento que teña atribuídas as competencias en materia de Investigación, Desenvolvemento e Innovación de entre destacados membros da comunidade científica ou empresarial.
 - D. Jaime Fábregas Casal
 - D.^a Sonia Rodríguez-Campos González

- h) A presidenta ou presidente da CGIACA
 - D. Miguel Anxo Santos Rego
- i) Dous estudantes do sistema universitario de Galicia, nomeados polo Consello da Xuventude de Galicia
 - D. Gerardo Chamorro Casal
 - D. Pablo Málvarez Villaverde
- j) A directora ou director da ACSUG que asistirá ás reunións con voz e sen voto.
 - D. José Eduardo López Pereira
- k) O titular do departamento que teña atribuídas as competencias sobre calidade de cada unha das universidades do sistema universitario de Galicia, que asistirá ás reunións con voz e sen voto.
 - D. Julio E. Abalde Alonso
Vicerreitor de Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade da Coruña
 - D.ª Benita Silva Hermo
Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade da Universidade de Santiago de Compostela
 - D. Ignacio Barcia Rodríguez
Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade da Universidade de Vigo
- l) Secretario do Consello de Dirección, con voz e sen voto
 - D. Francisco Rico Rey
Técnico da ACSUG

A directora ou director da ACSUG

Correspóndelle á directora ou director ser o órgano executivo da ACSUG. Dirixe, organiza, xestiona e inspecciona as actividades da ACSUG, de acordo coas directrices do Consello de Dirección. D. José Eduardo López Pereira exerce este cargo desde o 7 de setembro de 2009.

Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)

A CGIACA, como órgano superior de avaliación da ACSUG exerce, con total independencia, as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que ten atribuídas a ACSUG a que se fai referencia no apartado primeiro do artigo 7 dos seus estatutos, así como outras funcións análogas propias do ámbito da garantía da calidade universitaria, que lle poidan ser encomendadas polo Consello de Dirección da ACSUG, ou pola normativa que resulte de aplicación

O seu presidente, así como os seus vogais, son nomeados por un período de catro anos.

A CGIACA está formada (decembro 2011) polos seguintes membros:

- a) A presidenta ou presidente
 - D. Miguel Anxo Santos Rego
- b) Seis vogais elixidos polo Consello de Dirección da ACSUG de entre destacados membros da comunidade académica e científica
 - D. Juan Luís Barja Pérez
 - D.ª María José Bravo Bosch
 - D.ª Mercés Brea López
 - D. Gustavo Rodríguez Fontes
 - D.ª María Antonia Señarís Rodríguez
 - D. Jorge Teijeiro Vidal
- c) A directora ou director da ACSUG con voz e sen voto, que actuará como secretaria ou secretario.
 - D. José Eduardo López Pereira

O Consello Asesor

O Consello Asesor depende organicamente da directora ou director da ACSUG e, como órgano consultivo, entre as súas funcións correspóndelle analizar o funcionamento da ACSUG e emitir un informe anual para o Consello de Dirección; informar, por petición da directora ou director da ACSUG, sobre os procedementos e actuacións que desenvolva a ACSUG; resolver, por petición da directora ou director da ACSUG, as controversias que se produzan respecto do cumprimento das normas ou códigos éticos e de boas prácticas, respecto dos procedementos e actuacións que desenvolva a ACSUG...

O Consello Asesor está formado (decembro 2011) polos seguintes membros

- a) A presidenta ou presidente, que será a directora ou director da ACSUG.
- D. José Eduardo López Pereira
- b) Entre seis e dez membros, designados polo Consello de Dirección da ACSUG, de entre personalidades de recoñecido prestixio do ámbito científico, académico e profesional, tanto nacional como internacional, externos ao sistema universitario de Galicia. Débese garantir a presenza de representantes do sector empresarial e dos estudantes universitarios, que non terán que ser alleos ao ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:
- Dona Patricia Odber de Baubeta
Vogal académica (University of Birmingham)
 - Don Arcangelo Gentile
Vogal académico (Università di Bologna)
 - Dona María Caridade Sánchez Acedo
Vogal académica (Universidade de Zaragoza)

- Don Josep M. Brucart Marraco
Vogal académico (Universidade Autónoma de Barcelona)
 - Don Antonio Leal Millán
Vogal académico (Universidade de Sevilla)
 - Don Adrián López Lorenzo
Vogal representante do sector estudantil
 - Don Fermín Santín Mon
Vogal representante do sector estudantil
 - Don Gabriel González Vázquez
Vogal representante do sector empresarial
 - Don Enrique Ulloa Canalejo
Vogal representante do sector empresarial
- c) Unha secretaria ou secretario do Consello Asesor
- D. Luís Carlos Velón Sixto
Técnico da ACSUG

Recursos humanos

A ACSUG contou, durante o exercicio 2011, cun cadro de persoal composto por 16 traballadores distribuídos en catro áreas de traballo:

GABINETE DE DIRECCIÓN

Técnica en Gabinete de Dirección
López Lorenzo, Ana Isabel

Técnico en Xestión de Calidade
Velón Sixto, Luís Carlos

UNIDADE DE PROFESORADO

Técnico de Profesorado
Rico Rey, Francisco

Técnica de Profesorado
Bouso Montero, Lucía

Administrativa
Millán Buceta, Sandra

Administrativa
Lesta Chapela, Edurne

UNIDAD DE PROGRAMAS

Técnica de Programas
Belmonte Otero, Isabel

Técnica de Programas
Ríos de Deus, María Paula

Técnica de Programas
Castro Pais, María Dores

Técnica de Programas
Fernández Montes, María Carmen

UNIDADE DE XESTIÓN

Técnico en AAEE e RRHH
Martínez Lafuente, Aitor

Técnica Informática
Sierra Sánchez, María

Técnica Informática
Mallo Rey, Marta

Técnico Especialista en Informática
Baña Souto, José Manuel

Administrativa
Couceiro Novais, María Virtudes

Administrativo
Domínguez Martínez, Santiago

O Gabinete de Dirección encárgase fundamentalmente das relacións externas da ACSUG, do apoio aos comités de avaliadores expertos, así como do control e mellora continua da calidade interna da ACSUG.

Á Unidade de Profesorado correspóndelle, entre outras actividades, xestionar as convocatorias sobre avaliación e informe previo á contratación do profesorado universitario, da avaliación para a asignación das retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais dos profesores funcionarios e contratados doutores, de facer unha análise e seguimento das capacidades en I+D asociadas ao ámbito universitario, así como doutras funcións de avaliación de profesorado universitario e grupos de investigación encomendadas á ACSUG por convenio.

A Unidade de Programas ocúpase principalmente dos procesos de verificación, seguimento e modificación de títulos oficiais, da avaliación do deseño e certificación da implantación de procedementos de garantía interna de calidade dos centros, da avaliación de centros externos ao Sistema Universitario Español (SUE), do desenvolvemento do programa de avaliación docente do profesorado universitario (Programa Docentia), así como de estudos de inserción laboral dos titulados universitarios do SUG.


Na Unidade de Xestión encádranse os departamentos encargados de dar soporte ao resto de unidades así como dos servizos xerais da ACSUG (Asuntos Económicos, Recursos Humanos, Servizos Informáticos, Recepción, Rexistro e Arquivo), necesarios para un correcto desempeño das tarefas encomendadas á ACSUG.

Comités de asesores expertos

Nos diferentes procesos de avaliación, a ACSUG conta coa colaboración de comités de asesores expertos.

A xestión de asesores expertos lévase a cabo seguindo o protocolo aprobado pola CGIACA (máximo órgano de avaliación da ACSUG) a través do cal se establece o procedemento de elección dos asesores expertos e se definen e establecen os criterios para a formación dos diferentes comités de avaliación, que se requiran nas actividades que realice a ACSUG.

No seguinte gráfico móstrase o número de avaliadores que colaboraron coa ACSUG no ano 2011:



- Avaliación do profesorado universitario
- Avaliación da investigación
- Avaliación docente (Programa Docentia)
- Avaliación de títulos
- Avaliación SGIC dos centros
- Avaliacións externas ao SUG

CALIDADE INTERNA

Sistema de xestión interno de calidade e medio ambiente

Durante o ano 2011, a ACSUG continuou coa implantación e mellora do seu sistema de xestión de calidade e medio ambiente. Como melloras importantes que se iniciaron podemos citar: o impulso dunha medición sistemática da satisfacción de clientes e usuarios da ACSUG ou o establecemento dun novo deseño estrutura para a páxina web: www.acsug.es.

Como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, a ACSUG considera fundamental garantir un adecuado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades.

O sistema de xestión interno da ACSUG ten implantadas e certificadas externamente a norma ISO 9001:2008 (calidade), así como a norma ISO 14001:2004 e o Regulamento EMAS do ano 2009 (ambas as dúas sobre xestión medioambiental).

A ACSUG ten que renovar as súas certificacións o ano próximo, polo que a comezos de 2012 se levarán a cabo por AENOR as correspondentes auditorías de certificación.

Outras normas implantadas relacionadas coa calidade e a xestión

A ACSUG busca sempre implantar calquera outra norma que posibilite levar a cabo unha realización das actividades dun xeito máis eficiente e eficaz. Por iso ten implantada a Lei de prevención de riscos laborais (LPRL) e a Lei de protección de datos de carácter persoal (LOPD).

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

Durante o ano 2011, ademais das tarefas derivadas da actividade diaria da ACSUG, os servizos informáticos desenvolveron as seguintes actividades:

- Proposta para a renovación da páxina web da ACSUG. Esta nova páxina desenvólvese tomando como base o xestor de contidos Drupal. Dáse acceso a unha versión en probas ao persoal, para que vaian achegando novas ideas e contidos, sempre co obxectivo de facilitar o acceso á información ao usuario final.
- Melloras nas aplicacións que xestionan os complementos autonómicos das universidades do SUG: complementos do labor docente e investigador, complementos por cargos de xestión e complementos de excelencia curricular.
- Melloras na aplicación que xestiona o proceso de acreditación de profesorado (avaliación previa á contratación como profesor contratado doutor, axudante doutor e de universidade privada e informe previo á contratación excepcional de profesor colaborador).
- Melloras e adaptación da aplicación que xestiona o Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (Programa DOCENTIA). Nestas convocatorias experimentais, tanto

na Universidade da Coruña como na Universidade de Santiago de Compostela, o Manual do Programa DOCENTIA está sufrindo cambios continuos e a ferramenta informática ten que se adaptar.

- Melloras e adaptación da aplicación desenvolvida para a Universidade de Oviedo que permite a avaliación dos sexenios de investigación do persoal investigador contratado non permanente e interino da dita universidade. A mellora máis destacable é a incorporación dun módulo para a xestión dos recursos ás resolucións.
- Melloras na aplicación para a xestión do Programa Especial de Promoción de PDI da Universidade de Vigo. Por petición da Universidade en cuestión, a aplicación permite agora achegar a xustificación dos méritos curriculares en formato electrónico.
- Adaptación e instalación do xestor de documentos Alfresco, como soporte ao proceso de avaliación do seguimento de títulos oficiais.

XESTIÓN ECONÓMICA

O financiamento das actuacións que realiza a ACSUG está cuberta por unha partida específica acordada no Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia 2011-2015 e recollida nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.

Este crédito orzamentario permite á ACSUG, de forma axustada, desenvolver as actividades que ten atribuídas pola disposición adicional vixésimo sétima da Lei do Parlamento de Galicia 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, e que se describen no artigo 7 dos seus Estatutos.

Contra este crédito orzamentario, a ACSUG tamén desenvolve parcialmente actividades cuxa competencia corresponde á Secretaría Xeral de Universidades,

principalmente relacionadas coa análise e avaliación da calidade da investigación que se realizan no SUG.

Doutra banda, no exercicio 2011, a ACSUG asinou convenios de colaboración para a realización de diversas actividades de avaliación, o cal lle reportou novos ingresos en concepto de contraprestación.


A continuación descríbese un resumo da liquidación do orzamento de gastos do exercicio 2011:

Obrigas recoñecidas	Importes
Gastos de persoal	496.806,68
Gastos correntes en bens e servizos	400.693,67
Inversións reais	11.229,20
Importe total	908.729,55

Obrigas recoñecidas por áreas	Importes
Órganos da ACSUG	74.141,78
Avaliación de profesorado	243.611,19
Avaliación de programas	282.769,57
Gastos de xestión interna	308.207,01
Importe total	908.729,55

As contas anuais e a liquidación do orzamento son auditadas de forma anual. Unha vez terminado o proceso de auditoría, esta documentación é remitida, xunto co informe dos auditores, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia, para o seu coñecemento.

04



ACSUC

Actividades e programas realizados en 2011

AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS

VERIFICACIÓN-MODIFICACIÓN de títulos oficiais

Conforme ao establecido nos artigos 25, 27 e 27 bis do RD 861/2010 do 2 de xullo que modifica o RD 1393/2007 do 29 de outubro e o disposto pola "Secretaría Xeral de Universidades" da "Consellería de Educación e Ordenación Universitaria" da "Xunta de Galicia", a ACSUG é a responsable da avaliación previa á verificación polo Consello de Universidades, dos novos plans de estudo presentados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), do seguimento anual dos títulos inscritos no Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT) e da renovación da súa acreditación no prazo que establece a normativa citada.

O procedemento de avaliación de cada expediente/proposta de título pasa polas seguintes fases:

- 1) Presentación da Memoria de cada título por parte da universidade ao Consello de Universidades (CU) a través da aplicación informática creada, para ese efecto, polo Ministerio de Educación.
- 2) Revisión e validación da documentación polo CU e envío do plan de estudos á ACSUG.
- 3) Asignación de cada expediente á Comisión de Avaliación de Rama (CER) correspondente e elaboración do informe provisional pola ACSUG, seguindo os protocolos de avaliación deseñados por esta para tal efecto, respectando os acordos de REACU.

- 4) Envío do informe provisional á universidade e apertura dun prazo de alegacións (20 días naturais).
- 5) Revisión das alegacións pola CER correspondente, elaboración do Informe final pola ACSUG en termos favorables ou desfavorables e envío ao CU.
- 6) O CU comunica a resolución de verificación ao MEC, á Comunidade Autónoma e á Universidade.
- 7) No caso de informe favorable, a Comunidade Autónoma debe decidir sobre a súa autorización.
- 8) Se se aproba a súa autorización, o título inscríbese no RUCT e considérase título acreditado.
- 9) Un vez implantado o título, a ACSUG realizará un seguimento anual deste tomando como base os acordos tomados pola CURSA.
- 10) Transcorridos 6 anos no caso de grao e doutoramento e 4 anos no caso de mestrado, procederase á renovación da acreditación, coa condición de que a ACSUG comprobe que o plan de estudos se está desenvolvendo conforme ao proxecto inicial (que incluírá, en todo caso, unha visita de expertos externos á universidade) e ás recomendacións establecidas durante o proceso de seguimento.

TÍTULOS AVALIADOS POLA ACSUG EN 2011

No ano 2011 realizáronse 19 verificacións de títulos oficiais de grao e mestrado.

VERIFICACIÓNS									
Rama de coñecemento	UDC		USC		UVI		TOTAL		
	Grao	Mestrado	Grao	Mestrado	Grao	Mestrado	Grao	Mestrado	Total
Artes e Humanidades	0	1	0	0	0	1	0	0	2
Ciencias	0	0	0	0	0	1	0	1	1
Ciencias da Saúde	0	2	0	0	0	0	0	0	2
Ciencias Sociais e Xurídicas	0	2	1	1	0	4	1	7	8
Enxeñaría e Arquitectura	0	3	0	1	0	2	0	6	6
Total	0	8	1	2	0	8	1	14	19

A ACSUG realizou 30 modificacións de títulos oficiais de grao e mestrado.

MODIFICACIÓNS									
Rama de coñecemento	UDC		USC		UVI		TOTAL		
	Grao	Mestrado	Grao	Mestrado	Grao	Mestrado	Grao	Mestrado	Total
Artes e Humanidades	0	0	0	0	1	1	0	0	2
Ciencias	0	0	0	2	0	1	0	0	3
Ciencias da Saúde	0	1	1	1	1	0	2	2	4
Ciencias Sociais e Xurídicas	0	1	3	1	1	3	4	5	9
Enxeñaría e Arquitectura	4	4	0	1	1	2	5	7	12
Total	4	6	4	5	4	7	11	14	30

Seguimento de títulos oficiais de grao e máster

En febreiro de 2010 publicouse a convocatoria do Proxecto piloto de seguimento de graos e mestrados do sistema universitario de Galicia. Entre as tres universidades presentaron un total de 9 solicitudes, 3 títulos da Universidade da Coruña, 2 títulos da Universidade de Santiago e 4 títulos da Universidade de Vigo.

O 26 de outubro de 2010 recibíronse na ACSUG os informes anuais de seguimento dos títulos indicados na táboa anterior. Unha vez revisados realizouse, o 17 de decembro de 2010, unha reunión coas vicerreitorías de calidade e cos directores das áreas de calidade comunicándolles os resultados. Tras o período de alegacións, no primeiro trimestre de 2011, emitíronse os informes finais. Dos 9 títulos presentados 8 obtiveron un informe final favorable.

Número de
seguimento de títulos
realizados en 2011

RAMA	CICLO	UDC	USC	UVI	TOTAL
Artes e Humanidades	Grao	0	0	1	1
	Mestrado	0	0	0	0
Ciencias	Grao	0	1	1	2
	Mestrado	0	0	0	0
Ciencias da Saúde	Grao	1	0	0	1
	Mestrado	0	0	0	0
Ciencias Sociais e Xurídicas	Grao	1	1	0	2
	Mestrado	1	0	1	2
Enxeñaría e Arquitectura	Grao	0	0	0	0
	Mestrado	0	0	1	1
TOTAL		3	2	4	9

Sistemas de Garantía Interna de Calidade. Programa FIDES-AUDIT

O 12 de maio de 2011 ábrese a cuarta convocatoria do programa FIDES-AUDIT, dirixida aos centros das universidades do SUG que soliciten a avaliación do deseño dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade.

Os centros que participaron na 4.^a convocatoria de avaliación do deseño dos SGIC detállanse na seguinte táboa.

CENTROS PARTICIPANTES NA 4ª CONVOCATORIA PROGRAMA FIDES-AUDIT		
UNIVERSIDADE	CENTROS	TOTAL CENTROS
USC	Facultade de Humanidades de Santiago	5
	Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo	
	Facultade de Ciencias da Educación de Santiago	
	Facultade de Ciencias de Lugo	
	Facultade de Filosofía de Santiago	
UVI	Escola Universitaria de Enfermaría de Meixoeiro (CHUVI)	5
	Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense	
	Escola Universitaria de Enfermaría de Pontevedra	
	Escola Universitaria de Enfermaría de Povisa	
	Escola Universitaria de Maxisterio "Sedes Sapientiae" San PabloCeU	

O proceso de avaliación levárono a cabo as dúas comisións de avaliación constituídas para o efecto, segundo os criterios previamente establecidos e publicados na nosa Web.

As comisións están compostas por vogais académicos e profesionais, ademais de persoal técnico da ACSUG.

COMISIÓN 1	COMISIÓN 2
Presidente: Jesús Félez Mindán (Universidade Politécnica de Madrid)	Presidenta: Fuensanta Hernández Pina (Universidade de Murcia)
Vogal académica: Paloma Sobrado Calvo (Universidade de Murcia)	Vogal académico: Juan José Cubero Marín (Universidade de Zaragoza)
Vogal académico: Juan Carlos Zubieta Irún (Universidade de Cantabria)	Profesional: Marta González Moldes (Trillium Consultores)
Profesional: Mónica Rodríguez Gavín (Externaliza)	Secretaria: María Paula Ríos de Deus (ACSUG)
Secretaria: María Dolores Castro Pais (ACSUG)	

Tras finalizar o proceso de avaliación, todos os SGIC participantes nesta convocatoria obtiveron valoración positiva.

O 15 de decembro de 2011, a ACSUG, a AQU Catalunya e a ANECA entregaron os certificados AUDIT daqueles SGIC presentados na terceira convocatoria, cuxo deseño, tras ser avaliado, se considerou ben definido, coherente coas directrices do programa e apoiado nunha estrutura organizativa capaz de o implementar, para garantir o cumprimento dos compromisos de calidade asumidos por parte de distintas universidades. O acto foi organizado pola AQU Catalunya e asistiron numerosas autoridades académicas e representantes de axencias.

No primeiro trimestre de 2012 faranse oficiais os informes finais dos SGIC presentados na cuarta convocatoria, tras a reunión da "Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación" (CGIACA) que ratifica a valoración das comisións de avaliación.

AVALIACIÓN DO PROFESORADO

Avaliación e informe previo para a contratación do profesorado universitario polas universidades do SUG

Tras o cambio producido no ano 2009, en canto á implantación da nova plataforma informática e os cambios no baremo de aplicación para a avaliación de acreditación, e debido a iso, as últimas convocatorias non se desenvolveron completamente o seu ano correspondente, chegando mesmo a resolverse completamente no ano seguinte ao da convocatoria. Para poder restablecer a normalidade, en canto á publicación de convocatoria se refire, no ano 2011 fanse catro convocatorias, dúas correspondente ao ano 2010 e outras dúas a 2011.

Estas foron as convocatorias do ano 2010 (pero resolvéronse na súa totalidade no ano 2011):

- Resolución do 17 de decembro de 2010, da Presidenta da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) pola que se aproba a convocatoria

ordinaria para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

- Resolución do 17 de decembro de 2010, da Presidenta da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención do informe previo á contratación excepcional de profesorado colaborador polas universidades do Sistema Universitario de Galicia.


E estas foron as convocatorias do ano 2011:

- Resolución do 19 de setembro de 2011, da Presidenta da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) pola que se aproba a convocatoria


ordinaria para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

- Resolución do 19 de setembro de 2011, da Presidenta da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención do informe previo á contratación excepcional de profesorado colaborador polas universidades do Sistema Universitario de Galicia.


Podemos representar os datos das convocatorias do ano 2010 nas seguintes gráficas:



Este ano podemos comentar que non houbo moitos recursos con respecto ao volume de resolucións negativas do procedemento.




Despois da etapa de resolución dos recursos de reposición presentados, estes son os datos definitivos do procedemento de acreditación




Mostra o número total de solicitantes e solicitudes por figura 1A-11. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada, CO: colaborador)


Número total de solicitantes/solicitudes e solicitudes por figura no SUG* da convocatoria 1A/CO-11



Comparación entre resoluciones desfavorables e recursos de reposición presentados 1A-11. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada, CO: colaborador)

Total de resoluciones desfavorables e recursos presentados no SUG* da convocatoria 1A/CO-11





Avaliación e informe previo para a progresión e consolidación dos profesores colaboradores contratados polas universidades do SUG


A través da Orde do 22 de abril de 2008 (DOG do 5 de maio de 2008), establécese o procedemento que debe seguir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para emitir o informe previo á prórroga dos contratos de profesores colaboradores das universidades públicas de Galicia, así como para emitir a avaliación previa á adquisición do carácter indefinido dos referidos contratos, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario e nos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG.

Polo comentado anteriormente a convocatoria é aberta.

- **Informe previo á prórroga do contrato de profesoras e profesores colaboradores:** poden solicitar este informe todas aquelas persoas que estean contratadas por algunha das universidades públicas de Galicia como profesoras e profesores colaboradores e se encontren no último ano do período inicial máximo de catro anos de contrato ao que se refire o artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario

Número de solicitudes presentadas no período anual 2011 para a avaliación do informe previo á prórroga do contrato de profesoras colaboradoras contratados polas universidades do SUG (sendo H: home, M: muller e T: total)

Número de solicitantes ao informe previo á prórroga do contrato de profesoras e profesores colaboradores do ano 2011



- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS
- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: CIENCIAS
- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: CIENCIAS DA SAÚDE
- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA
- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: ARTES E HUMANIDADES


*SUG: Sistema Universitario de Galicia

- **Avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores:** poden solicitar esta avaliación todas aquelas persoas que tivesen prorrogado o seu contrato como profesoras e profesores colaboradores

por algunha das universidades públicas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.

Número de solicitudes presentadas no período 2011 para a avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores contratados polas universidades do SUG (sendo H: home, M: muller e T: total)

Número de solicitantes á avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores do ano 2011



- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS
- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: CIENCIAS
- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: CIENCIAS DA SAÚDE
- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA
- ÁMBITOS CIENTÍFICOS: ARTES E HUMANIDADES

*SUG: Sistema Universitario de Galicia

Complementos retributivos

A Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro, de universidades, determina que as comunidades autónomas poderían establecer, artigo 55 (persoal docente e investigador contratado) e artigo 69 (persoal docente e investigador funcionario) retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

Desenvolvendo estes dous artigos, publicouse o Decreto 55/2004 de 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, co obxecto de establecer o réxime destes complementos retributivos autonómicos para o persoal

docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas de Galicia. Establécense catro tipos de complementos: complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD), complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI), complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora (CEC) e complementos de recoñecemento polos cargos de xestión (CEG).

Os datos que a continuación se presentan, corresponden a resultados globais das convocatorias de 2010 do tres complementos retributivos autonómicos que existen na actualidade en Galicia. O que quizais sexa destacable é a alta porcentaxe de positivos como factor común ao tres tipos de complementos.

COMPLEMENTO	TOTAL DE SOLICITUDES AVALIADAS	RESOLUCIÓNS NEGATIVAS	RESOLUCIÓNS POSITIVAS	% SOLICITUDES POSITIVAS
Actividade docente e investigadora	339	27	312	92,03%
Excelencia curricular docente e investigadora	403	2	401	99,50%
Cargos de xestión	312	42	270	86,54%
Total	1052	69	983	93,44%

Distribución de avaliacións por tipo de complemento

Complemento de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador

O obxecto destes complementos é premiar o labor docente e investigador desenvolvido no SUG. Pódese presentar todo o persoal funcionario e contratado doutor das universidades galegas que cumpra os requisitos previamente establecidos nas convocatorias. Estes complementos foron os primeiros en desenvolverse e véñense convocando desde o ano 2004.

A convocatoria do ano 2010 saíu publicada no Diario Oficial de Galicia o 8 de novembro do 2010 a través da resolución do 20 de outubro de 2010 pola que se aproba a convocatoria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativa ao complemento de recoñecemento ao labor docente e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador. Os resultados obtidos desagreganse por solicitantes, resultados globais, resultados por complemento e categoría do solicitante:

Distribución de solicitudes por tipo de complemento e por universidade

Figura/Universidade	SOLICITUDES CLD	SOLICITUDES CLI	TOTAL SOLICITUDES
UDC	28	35	63
USC	71	69	140
UVI	63	73	136
TOTAIS	162	177	339

Distribución de solicitudes por universidade e por resultado

Figura/Universidade	TOTAL SOLICITUDES	RESULTADOS TOTAIS	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	63	60	3
USC	140	132	8
UVI	136	120	16
TOTAIS	339	312	27

Distribución das solicitudes do complemento labor docente por universidades e por resultado

Figura/Universidade	SOLICITUDES CLD	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLD	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	28	26	2
USC	71	66	5
UVI	63	55	8
TOTAIS	162	147	15

Distribución das solicitudes do complemento labor investigador por universidades e por resultado

Figura/Universidade	SOLICITUDES CLI	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLI	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	35	34	1
USC	69	66	3
UVI	73	65	8
TOTAIS	177	165	12

FIGURA	UDC	USC	UVI	TOTAIS
CU	0	2	0	2
TU	8	40	33	81
CEU	0	0	0	0
TEU	7	1	5	13
CD	48	97	98	243
OUTRAS	0	0	0	0
TOTAIS	63	140	136	339

Distribución das solicitudes por universidade e por categoría ocupada na universidade (CU: Catedrático de Universidade ,TU: Titular de Universidade, CEU: Catedrático de Escola Universitaria, TEU: Titular de Escola Universitaria, CD: Contratado Doutor)

En resumo, esta convocatoria desenvolveuse integramente no ano 2011 e pódese destacar que a maioría de solicitantes foron contratados doutores e titulares de universidade, isto débese ás novas contratacións e conversións dunhas categorías noutras. A maioría do funcionariado que compón o Sistema Universitario de Galicia xa ten concedidos estes complementos desde as primeiras convocatorias. Tamén é importante mencionar que o volume de solicitudes diminuíu considerablemente debido a que os complementos son consolidables

Complemento retributivo autonómico de excelencia curricular docente e investigadora

Este complemento desenvolve o seu protocolo de avaliación, en primeiro lugar, mediante a Orde do 16 de abril de 2004 (DOG do 28 de abril) que posteriormente se completa coa publicación do protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA mediante a Orde do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro). Nel recóllense os criterios e méritos, para a valoración previa á asignación dos complementos de excelencia curricular e de recoñecemento polos cargos de xestión, vixentes ata este momento.

Tal e como se sinalou na memoria anterior, a convocatoria correspondente a 2010 sae publicada cara a finais de

ano, concretamente o 9 de novembro. Isto deriva en que os trámites de xestión e avaliación de expedientes se realizan ao longo do primeiro cuadrimestre de 2011; por tanto, os resultados da convocatoria de 2010 son obxecto de estudo na presente memoria de actividades de 2011.

Como vén sendo habitual, e polo mesmo motivo vinculado aos prazos, os datos correspondentes á convocatoria de 2011 serán estudados na memoria de actividades de 2012. Será unha convocatoria bastante especial dado que se cumpren 5 anos desde a primeira convocatoria e a maior parte dos solicitantes que se presenten pertencerán ao grupo dos reavaliados. Seguindo a normativa vixente, aos 5 anos de presentar a súa solicitude, o solicitante deberá someter a actividade docente e investigadora desenvolvida no dito período a un novo proceso de avaliación. Excepcionalmente, poderá ser avaliada transcorridos 3 anos, a condición de que se obtivesen novos quinquenios e/ou sexenios (puntuación básica).

Se analizamos os resultados do complemento de excelencia curricular de 2010, pódese observar tanto na Táboa como na gráfica, a diferenza que se fai entre solicitantes reavaliados e novos solicitantes.

No caso dos reavaliados: A táboa reflicte os resultados que se van incorporando en cada convocatoria ás puntuacións xa consolidadas. No caso dos novos solicitantes é o resultado total obtido.

Nas táboas non figuran moitas resolucións con puntuacións en tramos superiores a 6 ou 7 tramos debido a que non se reflicte o número total de tramos que pode ter un mesmo solicitante sumando as puntuacións adquiridas en distintas convocatorias; a probabilidade de obter nunha soa convocatoria esas puntuacións é moi limitada. Faría falta a elaboración dunha segunda Táboa de históricos para observar que, efectivamente,

existen candidatos que posúen o número total de tramos (14 tramos totais).

Se prestamos atención aos resultados negativos observaremos que non supoñen máis dun 0,5% con respecto ao total das solicitudes. Os casos con resultado negativo responden nesta ocasión a non posuír puntuación básica (1 tramo) derivada da posesión de 2 quinquenios e un sexenio. É a casuística máis común dentro deste tipo de resultado.

Igualmente, existen outras posibles circunstancias que derivan de igual forma: aqueles solicitantes que se


Resultados da
convocatoria do
complemento
de excelencia
curricular 2010

UNIVERSIDADES		RESOLUCIÓN NEGATIVAS	RESOLUCIÓN POSITIVAS	DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES POR TRAMOS (CONVOCATORIA 2010)																						
				-2	-1	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14						
UDC	85	NOVO SOLICITANTE	20	0	20	0	0	0	0	1	1	9	6	3	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
		SOLICITANTE REAVALIADO	65	0	65	0	2	10	16	22	10	5	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
USC	207	NOVO SOLICITANTE	51	0	51	0	0	0	0	3	7	18	17	3	1	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO	156	0	156	2	3	10	56	59	21	3	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
UVI	111	NOVO SOLICITANTE	35	2	33	0	0	0	1	0	5	8	15	0	2	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO	76	0	76	0	1	8	19	29	18	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	403	NOVO SOLICITANTE	106	2	104	0	0	0	1	4	13	35	38	6	3	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO	297	0	297	2	6	28	91	110	49	9	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

presentan a reavaliación e que, con todo, non poden incorporar nova puntuación básica para incrementalala á que xa posúen. Tamén obteñen resultado negativo os solicitantes que non cumpran con outros criterios

establecidos na propia convocatoria tales como a condición de ser funcionarios ou CD ou que a súa praza non sexa fixa e estable ou que non poidan acreditar un ano de servizo nela.

Resolucións complemento de excelencia 2010



Os resultados con valores negativos (-4, -3, -2 tramos, -1 tramo) e o tramo 0 só son aplicados aos expedientes reavaliados. Para os novos solicitantes suporía resultado negativo sen retribución.

Complemento retributivo por cargos de xestión

Con data do 26 de novembro de 2010, sae publicada a Resolución do 20 de outubro de 2010, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar este complemento retributivo. É o último dos complementos retributivos autonómicos que se desenvolveu de acordo co Decreto

55/2004 do 4 de marzo e de acordo co protocolo de avaliación publicado na Orde do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro). A presentación de solicitudes produciuse durante os 30 días seguintes á publicación e, tras a revisión da documentación e a súa valoración na ACSUG durante os meses seguintes, ditáronse as resolucións pola CGIACA (Comisión Galega de Informes,

Avaliación, Certificación e Acreditación) en marzo de 2011. Este é o motivo polo cal non foi posible incluír os datos relativos aos resultados que os solicitantes obtiveran para esta convocatoria na memoria anterior e son incorporados na actual.

A primeira convocatoria publicouse en 2007 e os posibles membros candidatos do SUG presentáranse de forma masiva. Computáranse un total de 1401 solicitudes. Desde esa primeira convocatoria, a tendencia nos resultados foi similar, engadíndose unha nova característica aos perfís dos solicitantes, comeza a existir a figura do reavaliado. Pódense presentar a reavaliación aqueles solicitantes que se presentaran en anteriores convocatorias e presenten a valoración un novo período dun cargo anterior ou un cargo diferente aos xa valorados. Isto tradúcese nunha modificación dos parámetros medidos, incorporándose os resultados inferiores a 0,5 tramos. Mentres que para os novos solicitantes isto significaría unha avaliación negativa, para os solicitantes reavaliados supón un incremento na súa puntuación, a non ser que o seu resultado non sexa como mínimo de 0,1 de puntos, neste caso serían negativos. Os datos referentes aos solicitantes na súa globalidade son os seguintes:

Como resolucións negativas teremos os seguintes supostos: os solicitantes que na súa primeira avaliación non obteñan polo menos 0,5 puntos/tramos, os solicitantes que non cumpran con outros criterios establecidos na propia convocatoria, tales como, a condición de ser funcionarios ou CD ou que a súa praza non sexa fixa e estable ou que non poidan acreditar un ano de servizo nela; os solicitantes reavaliados que, ou ben non obteñan un resultado, como mínimo, de 0,1 puntos/tramos na reavaliación, ou ben que na súa globalidade (sumando os decimais anteriores e os novos) non obteñan 0,5 tramos.

Na presente táboa da convocatoria de 2010, o cómputo global de resolucións con puntuacións en tramos superiores a 6 ou 7 tramos, é reducido. Isto é debido a que non se reflicten os totais, só os valores obtidos nesta convocatoria; non é moi probable que nunha soa convocatoria se alcancen esas puntuacións, só nalgúns casos. Se se tivesen en conta noutra táboa de históricos os totais de cada solicitante, si habería máis resolucións para este rango. Hai que ter en conta que neste complemento se realiza a retribución en función dos decimais e puntos enteiros que adquira un solicitante.


	SOLICITUDES AVALIADAS	RESULTADOS PORCENTUAIS
NEGATIVAS	42	13,46%
POSITIVAS	270	86,54%
TOTAL RESOLUCIÓNS	312	

	DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES POR TRAMOS (2010)									
	<0,5*	≥0,5	≥1	≥2	≥3	≥4	≥5	≥6	≥7	8
NOVO SOLICITANTE UDC	0	13	32	4	1	0	0	0	0	0
SOLICITANTE REAVALIADO UDC	7	8	38	10	1	0	0	0	0	0
NOVO SOLICITANTE USC	0	6	12	4	0	0	1	0	0	0
SOLICITANTE REAVALIADO USC	1	7	23	3	2	0	0	1	0	0
NOVO SOLICITANTE UVI	0	16	7	0	2	0	0	0	0	0
SOLICITANTE REAVALIADO UVI	13	12	22	0	0	1	0	0	0	0
NOVO SOLICITANTE	0	35	51	8	3	0	1	0	0	0
SOLICITANTE REAVALIADO	21	27	83	13	3	1	0	1	0	0

Distribución de solicitudes por tramos na convocatoria 1D/10 de complementos retributivos por cargos de xestión.

Nestoutra gráfica analizamos por outro lado, os tramos totais de cada solicitante reavaliado.

Tramos totais dos solicitantes reavaliados en 1D-10



Programa DOCENTIA

En 2007 a ACSUG asina un convenio de colaboración coa ANECA, para pór en marcha o Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario (DOCENTIA) nas universidades galegas. O obxectivo é dispor duns mecanismos para xestionar a calidade da actividade docente do profesorado universitario e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento.

Unha vez avaliados positivamente os deseños presentados polas universidades galegas, en 2009 comeza a fase de implantación experimental e seguimento dos deseños, cunha duración mínima de dous anos e que culminará coa súa certificación.

Durante 2011 a UDC finalizou a 2.ª convocatoria de implantación do seu deseño DOCENTIA. Pola súa banda, a USC desenvolveu a 2.ª convocatoria de implantación.

No que respecta á UVI, está en proceso de revisión do seu Manual de avaliación e pendente da apertura da 2.ª convocatoria.

Outras avaliacións do profesorado

Avaliación do profesorado da Universidade de Oviedo

A ACSUG e a Universidade de Oviedo teñen asinado un convenio de colaboración para a valoración dos méritos individuais do persoal investigador contratado non permanente e interino desta universidade.

Para realizar esta avaliación cóntase cunha aplicación informática que é utilizada tanto polos solicitantes, como posteriormente polos avaliadores para poder resolver todos os expedientes. Os solicitantes poden ir introducindo os

tramos de 6 en 6 anos que someten a valoración, completando en cada un as achegas máis relevantes derivadas da súa actividade investigadora. Cada achega debe ir acompañada dun breve resumo que conteña os obxectivos e resultados máis sobresaíntes da investigación, ademais dos datos que sexan necesarios para a súa localización e identificación. Como se pode apreciar, houbo moi poucos solicitantes na convocatoria do 2010. Os resultados foron 100% positivos e por este motivo non recibimos ningún recurso de reposición:

	Número	Porcentaxe
Solicitantes	9	
Tramos solicitados	9	
Tramos positivos	9	100,00%
Tramos negativos	0	0,00%
Recursos	0	0,00%

Avaliación previa para a asignación de prazas do corpo de profesores TU ou de profesorado CD da Universidade de Vigo (PDI 2010/2011)

A UVI, en cumprimento do seu Regulamento de profesorado, ten un programa especial de promoción do persoal docente e investigador (PDI) que mediante unha convocatoria anual determina a asignación de prazas do corpo de profesores titulares de universidade ou de profesorado contratado doutor.


Estas prazas, 18 para esta convocatoria 2010/2011, están suxeitas ás mesmas obrigacións que as correspondentes ao profesorado a tempo completo e figuran nos plans de organización docente dos departamentos.

A selección é realizada pola Comisión de Organización Académica e de Profesorado con base nos informes técnicos externos de avaliación elaborados pola ACSUG,

de conformidade co convenio específico subscrito coa Universidade de Vigo.

A avaliación deste procedemento fíxose integramente en 2011 debido a que a Universidade de Vigo publicou a convocatoria de 2010 en período posterior a outras convocatorias anuais, saíu publicada o 14 de febreiro de 2011. Os datos referentes aos solicitantes que se presentaron nesta ocasión por ámbitos foron:

Solicitudes presentadas por ámbitos 2010




- ÁMBITO DE CIENCIAS
- ÁMBITO DE C.C. SOCIAIS E XURÍDICAS
- ÁMBITO TECNOLÓXICO
- ÁMBITO HUMANIDADES

AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

Avaliación previa para a adquisición de axudas pertencentes ao Programa Isidro Parga Pondal

O obxectivo do Programa Isidro Parga Pondal é contribuír a superar o déficit de recursos humanos que ten o sistema de I+D en Galicia a través do apoio á inserción, nos centros de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, de doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos nacionais ou estranxeiros. A duración das axudas do Programa Isidro Parga Pondal, que se conceden ás universidades do SUG, será de 3 anos e os 15 contratos desenvolveranse nas datas que se indiquen na resolución de adjudicación, que deberá transcorrer entre o 1 de febreiro de 2011 e o 31 de decembro de 2014; convocadas mediante Orde do 31 de decembro de 2010, da Consellería de Economía e Industria

% Solicitudes por ámbitos 2010



- EXPERIMENTAIS
- C.C. XURÍDICO-SOCIAIS
- TÉCNICAS
- SAÚDE
- HUMANIDADES

Unicamente se realizana ACSUG a fase de avaliación científico-técnica dos méritos dos candidatos. No proceso de avaliación das solicitudes, os comités de expertos externos deben puntuar os méritos alegados e debidamente xustificados polos candidatos dando especial relevancia ás contribucións feitas no últimos tres anos. As valoracións polos expertos supoñen un 90% da puntuación total (que se sustentan principalmente en: publicacións científicas; proxectos, contratos e patentes; estadías, relatorios e comunicacións a congresos; teses dirixidas e outros méritos científicos). Doutra banda, a selección final dos candidatos faise por parte da comisión de selección que, partindo das puntuacións determinadas nos informes de avaliadores expertos (90% de puntuación), poden engadir ata un 10% máis de puntuación a cada candidato (que se sustenta en: o compromiso do solicitante, mediante declaración persoal, de utilización da lingua galega en todas as relacións que, como consecuencia deste procedemento, o interesado manteña coa Administración autonómica e pola adecuación do currículo do candidato ao perfil de cada unha das prazas solicitadas).

Unha vez que se obteñen os globais para cada solicitante de axudas de nova adxudicación correspondentes ao Programa Isidro Parga Pondal, adxudícanse as axudas comezando polo candidato e praza de maior puntuación. Os solicitantes ordenaranse por orde decrecente de puntos e adxudícanse as axudas comezando polo candidato e a praza de maior puntuación. A comisión elaborará unha lista de espera por orde decrecente de puntuación, en que figurarán os solicitantes que, cumprindo os requisitos, non alcanzaron puntuación suficiente para ser adxudicatarios de axuda pero teñan unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola comisión de selección.


Avaliación da calidade de produción e actividade científico-tecnolóxica dos investigadores do Programa Isidro Parga Pondal (adquisición 2006) para os efectos da obtención da "certificación de cumprimento" dos requisitos de calidade de produción e actividade científico-tecnolóxica

A avaliación que van realizar diríxese, precisamente, á comprobación da calidade da produción e actividade científico-tecnolóxica dos solicitantes, coa expedición posterior, de ser o caso, da certificación do cumprimento.

Existen unhas condicións básicas diferentes para obtero informe positivo, dependendo do ámbito científico sometido a valoración. Tanto uns como outros foron establecidos de acordo coa normativa aplicable nesta fase previa de acreditación para o programa Manuel Colmeiro (Orde do 21 de maio de 2008 e Resolución do 20 de xullo de 2005).

Diferéncianse 2 partes dentro da avaliación: a 1.^a parte dos méritos relativos ao conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica dos profesores-investigadores ata 2006 (supón a avaliación do conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica dos profesores-investigadores e investigadoras para determinar se cumpren os requisitos de calidade científico-tecnolóxica) e a 2.^a parte dos méritos relativos aos últimos 4 anos de actividade investigadora de 2007 a 2010 (supón a avaliación da actividade desenvolvida no últimos catro anos, valorando neste caso só a actividade desenvolvida no posto de traballo e na institución en que estivo contratado nese período de tempo). O resultado da avaliación simplemente será positivo ou negativo. Alcanzarase unha avaliación positiva final cando se cumpran os criterios

mínimos fixados para cada unha das fases (conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica e actividade do últimos catro anos).



Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG

A través da Orde do 29 de marzo de 2011 establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia e procédese á súa convocatoria para o ano 2011. As modalidades de axuda son:

a) Grupos de Referencia Competitiva:

a.1) Renovación das axudas concedidas en 2006 e prorrogadas en 2008 para a consolidación de grupos de investigación que, pola súa produción científica e a súa actividade de IDE, constitúan unha referencia no SUG e que non foran beneficiarios dunha nova axuda da convocatoria de 2010.


a.2) Renovación das axudas concedidas en 2007 e prorrogadas en 2009 para a consolidación de grupos de investigación que, pola súa produción científica e a súa actividade de I+D, constitúan unha referencia no SUG.

b) Redes de investigación:

b.1) Novas redes: axudas a grupos de investigación en humanidades, ciencias sociais e xurídicas para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede que permita conformar novas capacidades científicas e acometer con maior efectividade novos obxectivos en investigación.

b.2) Plan de actuación de redes vixentes: axudas a grupos de investigación que fosen beneficiarios da axuda de redes desta convocatoria no exercicio 2008, para apoiar un plan concreto de actuacións de colaboración que materialicen os obxectivos cos que se creou a Rede.

Distribución de solicitudes por modalidade e universidade



A selección dos beneficiarios das axudas realízase a partir da suma das valoracións feitas por un panel de avaliadores e pola comisión de selección. O panel de avaliadores está formado por expertos de fóra do Sistema Universitario de Galicia designados polo titular da Secretaría Xeral de Universidades e cobren os diferentes ámbitos temáticos da convocatoria. Esta é a fase de valoración en que participa a ACSUG, pois encárgase da selección do panel de avaliadores expertos que proceden a acordar criterios de baremación na sede da Axencia.

Nesta convocatoria, a reunión realizouse o 15 de xullo de 2011. Nesta fase de avaliación pódense asignar ata un máximo de 80 puntos a cada solicitude. Na modalidade a), o panel pode asignar como máximo 50 puntos pola actividade que o grupo desenvolveu durante o tempo en que se beneficiou da axuda (isto é, 2006-2009 ou

2007-2010) e 30 puntos polas novas actividades que se propoñan na solicitude. Os grupos de referencia competitiva, que concorreron á convocatoria de 2010, sométense novamente ao proceso de avaliación.

ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL

Os estudos de inserción laboral realizados aos titulados universitarios do sistema universitario de Galicia é unha actividade periódica anual que vén desenvolvendo desde o ano 2001 a ACSUG. Isto permite que actualmente dispoñamos de 37310 rexistros, estes históricos de resultados permiten analizar a evolución de factores clave na inserción laboral dos titulados universitarios no SUG, así como aspectos relacionados coa formación na súa etapa universitaria.

Ao longo do ano 2011 completáronse e ampliáronse os estudos de inserción laboral dos titulados da ACSUG coas seguintes actuacións:

- O informe global correspondente ao “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008” (EIL0708), onde se presentan os resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG.

Ademais de traballar na elaboración do informe global correspondente, realizáronse informes individuais para cada un dos títulos universitarios impartidos no SUG que foron enviados aos seus centros correspondentes. Cada informe individual por título contén a seguinte información: resultados obtidos para o título, para o título dentro do SUG, para a rama de coñecemento dentro da cal estaba englobado o título e para o global do SUG.

Rama de coñecemento/Universidade	UDC	USC	UVI	Total
Ciencias da Saúde	6	6	4	16
Ciencias	2	7	5	14
Enxeñaría e Arquitectura	19	11	13	43
Ciencias Sociais e Xurídicas I	5	4	5	14
Ciencias Sociais e Xurídicas II	3	4	3	10
Ciencias Sociais e Xurídicas III	9	13	14	36
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	2	2	4	8
Artes e Humanidades I	3	5	2	10
Artes e Humanidades II	3	10	4	17
Total	52	62	54	168

Número de informes individuais realizados por título universitario en cada unha das universidades correspondente aos titulados no curso académico 2007-2008

- O traballo de campo correspondente ao “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2008-2009” (EIL0809). O traballo de campo deste estudo realizouse entre o 4 e o 27 de outubro de 2011

Datos técnicos do estudo EIL0809:

Poboación: titulados no SUG no curso académico 2008-2009

UNIVERSIDADE	POBOACIÓN	MOSTRA
A Coruña	2.598	1.479
Santiago de Compostela	3.525	1.873
Vigo	2.723	1.613
Total	8.846	4.965

Ámbito xeográfico: non pertence a unha zona xeográfica concreta, xa que os titulados no SUG non teñen porque ser necesariamente residentes en Galicia.

Unidade de mostraxe/unidade informante: son a mesma; cada un dos titulados no SUG durante os cursos estudados. A estes accedeuse a través de listaxes proporcionadas por cada unha das universidades: Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade da Coruña, Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade da Universidade de Santiago de Compostela e a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade da Universidade de Vigo.


Deseño da mostra: realizouse unha mostraxe estratificada, determinando a mostra por título e campus. O tamaño

calculouse para a estimación de parámetros de proporción na poboación, cun erro máximo absoluto do 10% en título e campus.



Recollida de información: o traballo de campo foi realizado pola empresa Instituto Sondaxe, S.L.

Comparativa dos estudos de inserción laboral

Evolución obtida no últimos seis estudos realizados de inserción laboral con respecto á poboación, á mostra e á porcentaxe de titulados enquisados por rama de coñecemento



ACTIVIDADES E PROGRAMAS
REALIZADOS EN 2011



05



Cooperación e comunicación

Desde a súa creación, a ACSUG considerou esencial establecer relacións e intercambio de información con outras axencias de calidade e organismos relacionados co ámbito universitario, tanto nacionais como internacionais.

Tamén se incidiu sempre na necesidade de promocionar e dar publicidade ás actividades que a ACSUG realiza mediante a súa difusión na páxina web, organización de seminarios, deseño e realización de publicacións etc.

ACTIVIDADES INTERNACIONAIS

ENQA

A European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) é un organismo de que forman parte axencias de calidade de educación superior de 26 países europeos.

A ACSUG foi aceptada como membro de pleno dereito de ENQA en novembro de 2009 por un período de 5 anos (ata 2014). Estableceuse que a ACSUG tería que enviar á ENQA en 2011 un informe de progreso indicando os cambios realizados máis destacados. Así, tras dous anos como membro de pleno dereito de ENQA, a ACSUG enviou en novembro de 2011 este informe.

Na contestación, a ENQA felicita a ACSUG polas melloras levadas a cabo desde o ano 2009. Nos aspectos a incidir nos anos seguintes, a ENQA recomenda seguir coa participación de asesores internacionais, tanto nos órganos da ACSUG como nos comités de avaliación

externos. Tamén recomenda continuar coa participación de estudantes e persoas do ámbito profesional.

A ACSUG participou durante o ano 2011 nas actividades que se levaron a cabo por parte deste organismo:

- 1) Colaboración da ACSUG en varios estudos coordinados por ENQA:
 - Proxecto a nivel global entre todas as axencias de ENQA sobre as diferentes actividades e boas prácticas levadas a cabo por cada unha delas
 - Estudo sobre a publicación de informes en inglés das axencias membros de ENQA
 - Estudo sobre a implantación e efectividade dos Criterios e Directrices Europeos no Espazo Europeo de Educación Superior
 - Estudo sobre procedementos de acreditación na educación superior a distancia
- 2) A ACSUG participa desde o ano 2008 no grupo de traballo "Internal Quality Assurance (IQA) Group" integrado por técnicos de calidade interna das axencias de calidade universitarias europeas. En 2011, a ACSUG participou nunha actividade de Benchmarking sobre indicadores de calidade e en abril de 2011 realizouse unha reunión de traballo en Mannheim. A ENQA levou a cabo unha publicación cos resultados máis destacados deste proxecto.
- 3) Asistencia do director da ACSUG ao ENQA Member's Forum en marzo de 2011 na Haya (Holanda), nesta reunión fíxose oficial a decisión de que a ENQA trasladase as

súas instalacións desde Helsinki (Finlandia) a Bruxelas (Bélxica).

4) Participación do Director da ACSUG na ENQA General Assembly en outubro de 2011 en Bucarest (Romanía). Nesta xuntanza tratáronse fundamentalmente temas administrativos de ENQA como a renovación parcial do Board. Tamén se expuxeron os resultados de varios dos estudos levados a cabo por ENQA en 2011.

5) Asistencia dun técnico da ACSUG ao 6.º European Quality Assurance Forum (EQAF) realizado en novembro de 2011 en Amberes (Bélxica). O EQAF é un foro anual que permite o intercambio de experiencias sobre a educación superior por parte de todos os grupos de interese: alumnos, universidades, axencias de calidade universitaria etc.

6) Participación do director da ACSUG na conferencia: "Internationalisation and Quality Assurance: Connecting European and Global Experiences. Estas conferencias foron organizadas por ENQA e pola International Network for Quality Assurance Agencies in Higher Education (INQAAHE) e realizáronse en Bruxelas (Bélxica).

EQAR

O Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR) foi creado no ano 2008 por ENQA, ESU, EUA e EURASHE, os órganos europeos representantes das axencias de garantía de calidade, estudantes, universidades e outras institucións de educación superior, respectivamente, para incrementar a transparencia da calidade na educación superior en Europa. O EQAR é un rexistro onde se inclúen aquelas axencias de garantía da calidade que son recoñecidas pola súa profesionalidade e credibilidade no desenvolvemento das súas actividades.

Desde novembro de 2010, a ACSUG está incluída no EQAR, despois de que este organismo verificase que a ACSUG desenvolve as súas actividades cumprindo cos Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG).

Proxecto Tempus CANQA

A ACSUG vén participando como colaborador desde ao ano 2009 nun Proxecto Tempus da Unión Europea para o establecemento da Rede de Aseguramento de Calidade e Acreditación de Asia Central (CANQA) nos países de Tadjikistán, Kazakhstán e Kirguistán.

Avaliación de centros universitarios da Universidade de San Martín de Porres en Perú

A ACSUG e a Universidade de San Martín de Porres de Perú (USMP) asinaron en outubro de 2010 un convenio mediante o cal a ACSUG levará a cabo actividades de avaliación e certificación nesta universidade, incidindo desta forma no seu aseguramento da calidade. O proceso consta de tres fases: unha autoavaliación que realiza o centro (seguindo unha guía elaborada pola ACSUG), unha avaliación externa por parte dun comité externo designado pola ACSUG (incluíndo unha visita aos centros avaliados) e a realización por parte da ACSUG dun informe final cos resultados do proceso.

Durante o 2011, a ACSUG levou a caboo proceso de avaliación de tres centros da USMP: Facultade de Obstetricia e Enfermaría, Facultade de Odontoloxía e Instituto para a Calidade da Educación, incluíndo unha visita externa a Perú en xuño de 2011.

A finais deste mesmo ano, a Universidade de San Martín de Porres solicitou a avaliación de dous centros máis:

Facultade de Medicina Humana e Facultade de Psicoloxía. Os centros están levando a cabo a autoavaliación e durante o ano 2012 finalizaranse o resto de fases incluídas no proceso de avaliación.

OUTRAS COLABORACIÓNS

Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades

Durante o ano 2011 foise elaborando o “Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades españolas, 2010”. Este informe, coordinado por ANECA e no que achegan datos todas as axencias de avaliación da calidade, é o quinto dunha serie de informes anuais cuxo obxectivo é ofrecer información ás administracións públicas e á sociedade sobre o estado da avaliación da calidade nas universidades españolas, así como cumprir co compromiso de rendición de contas.

O informe estrutúrase en dúas partes: avaliación de ensinanzas oficiais e avaliación do PDI. Está previsto realizar a publicación do informe no primeiro trimestre do 2012.

Coordinación dunha actividade de benchmarking entre os membros da Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU)

A ACSUG é membro da REACU, organismo de que forman parte todas as axencias españolas de avaliación da calidade universitaria de ámbito autonómico e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA).

Nunha das reunións este organismo propúxose unha actividade de recompilación de datos entre todas as axencias pertencentes á REACU. Esta actividade foi

coordinada pola ACSUG entre finais do ano 2010 e comezos do 2011. Como resultado, obtívose un informe resumo con información valiosa para todas as axencias, permitindo desta maneira incidir no benchmarking.

Colaboración na auditoría interna de AQU Catalunya

Un técnico da ACSUG participou en febreiro de 2011 como auditor interno na realización da auditoría interna do sistema de xestión de AQU. Esta colaboración foi unha experiencia moi positiva por ambas as partes xa que serviu para poder comparar os métodos de traballo de ambas as axencias e buscar melloras na realización das actividades.

Participación en grupos de traballo

Grupo técnico de verificación, seguimento e acreditación de títulos oficiais

A ACSUG participa neste grupo, que ten como obxectivo identificar as liñas de actuación básicas, definidas polas axencias de avaliación que pertencen á REACU, para levar a cabo a verificación, seguimento e acreditación das ensinanzas universitarias de acordo cos estándares internacionais de calidade e conforme ao disposto na lexislación vixente.

Grupo técnico para a elaboración de indicadores de inserción laboral

Ao longo do ano 2011, a ACSUG participou na elaboración do documento “Proposta de indicadores de inserción laboral da Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria

(REACU)” dentro do “Grupo técnico para a elaboración de indicadores de inserción laboral”. Neste grupo hai representantes da REACU: ACAP, ACPUA, ACSUCYL, ACSUG, AGAE, ANECA, AQU_Catalunya, AQUIB e UNIBASQ.

CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS

Organizados pola ACSUG

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
Febreiro e marzo 2011	Organización e impartición por parte do persoal da unidade de programas da ACSUG de varias xornadas formativas sobre seguimento de títulos para o persoal das tres universidades do SUG	UDC, USC e UVI
14/04/11	Xornada de formación para os avaliadores profesionais e estudantes de verificación de títulos	ACSUG
27/05/11	Xornada de formación para os membros das comisións de avaliación de DOCENTIA da USC	ACSUG
15 e 16/11/11	Xornada para avaliadores do SUG, coa asistencia de 400 persoas	Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP)

Cursos, xornadas e seminarios organizados pola ACSUG

Presentación de relatoriosPresentación de
relatorios por
parte de ACSUG

DATA	ACTIVIDADE	PARTICIPACIÓN	LUGAR
21/02/11 e 22/02/11	Xornada sobre seguimento e acreditación de títulos	Relatorio presentado polo director da ACSUG	Almería
Do 24/02/11 ao 26/02/11	Conference on Modeling and Measurement of Competencies in Higher Education	Asistencia do director e dun técnico da ACSUG e presentación dun póster sobre inserción laboral	Berlín (Alemaña)
Do 05/04/11 ao 07/04/11	International Network for Quality Assurance Agencies in Higher Education (INQAAHE) Conference 2011	Asistencia de varios técnicos e do director de ACSUG e presentación dun relatorio sobre os sistemas de garantía interna de calidade das universidades	Madrid
05/05/11	Cursos no Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)	Relatorios presentados polo persoal de profesorado da ACSUG	Universidade da Coruña
13/06/11	Curso de formación do persoal docente: "A avaliación da ACSUG previa á contratación do profesorado universitario"	Relatorios presentados polo persoal de profesorado da ACSUG	Universidade de Vigo
27/06/11	Simposio internacional sobre o practicum e as prácticas en empresas en formación universitaria	Relatorio presentado polo director da ACSUG	Poio (Pontevedra)
Do 25/10/11 ao 26/10/11	Seminario: "New perspectives for Master Study Programmes in Europe"	Asistencia dun técnico da ACSUG e presentación dun póster sobre os mestrados profesionalizantes	Berlín (Alemaña)
Do 03/11/11 ao 05/11/11	X Congreso da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e Investigación de Operacións (SGAPEIO)	Asistencia dun técnico da ACSUG e presentación dun póster sobre inserción laboral	Pontevedra

PUBLICACIÓNS

No ano 2011a ACSUG realizou as seguintes publicacións:

Memorias de Actividades



Título: Memoria de Actividades 2010

Páxinas: 22

Ano: 2011

Inserción Laboral



Título: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008

Páxinas: 166

Ano : 2011

Depósito Legal : C 3096-2011

ISBN: 978-84-615-5642-7



ACSUC
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA